

ARTE

# O debuxo na obra de Mario Granell: outro xeito de soñar


Este artista inclasificable que dominou o surrealismo mostra en 'Desde o silencio' cómo emprega o papel como base para unha escritura en clave onírica e satírica

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Aproximadamente noventa obras compoñen a mostra que a santiaguesa Casa da Parra dedica ó polifacético Mario Granell (A Coruña 1914-1991), irmán do grande artista Eugenio Granell, nunha das súas variadas facetas, neste caso a debuxística, aquela que foi compoñente esencial do modernismo e encandeou ó artista coruñés. O papel, pola súa propia natureza de uso cotián confire a estes debuxos unha valoración íntima e sentida. Nesta obra pasa a converterse nunha especie de diario persoal onde a escritura se propón en clave alegórica. Granell baralla un estilo un tanto nómade, que vai por camiños superrealistas, xira en alardes expresionistas e complétase con curvas e rectas de cortes organicistas e constructivistas.

O estoupido preséntase organizado en series. A denominada *Caixón de minuteiro* fai desfilarmos a personaxes caricaturescos extraídos do contorno máis inmediato que lle tocou vivir ó artista. Nela teñen cabida case todos os estamentos sociais, pero de maneira especial asáñase co burgués. Vertendo neles toda a súa aversión, defórmaos na súa corporeidade como outrora Neruda fixo nuns versos delatores da súa oposición ás leis e institucións establecidas. Mario Granell ridiculiza a través dun exquisito debuxo ó cacique, ó sector relixioso ou ás emperifolladas damas que non escapan desta estética subversiva moi na liña de Bretón: "A beleza será convulsa ou non será". O peso conferido a mans e rostros nestas imaxes remóntanos a Grosz e a Dix.

En *Fantasia irónica*, o artista parece ter lido a linguaxe das nubes para encontrar nelas a personaxes tamén coñecidos. Esas formas biomórficas que



Unha das obras debuxadas de Mario Granell

configurou Arp parecen saídas das múltiples aparencias atmosféricas imprevisibles ós ollos que as contemplan. Son debuxos conformadores dun novo iconográfico onde se traballa máis cos contornos e prima o colorido cálido. Iconas totalmente superrealistas, híbridos de animal e humano ou, como diría

Aristóteles, pensamento puro unido a un corpo de animal. "Non existe un só pensamento que non estea mancillado polo corpóreo", exemplificado ben no debuxo *O xornalista oficializado* no que a expresión 'OK' ridiculiza ó profesional 'vendido' ó poder.

*Mundo variopinto* é unha serie

máis aberta ós grandes ritmos cósmicos, afinidades ós movementos circulares celtas. Ceos totalmente estrelados colmados de soles e aves desempeñan un papel suxerente nestes debuxos, xiran arredor dunha figuración moi movida cargada dun forte tramado poético. Acróbatas, tocadores de instrumentos musicais e xogos malabaristas lembran a Chagall. Tamén o uso do tema, repetido nesta e outras series, da muller transportada por un animal.

A serie *Fantasia en Branco e negro*

## Parece ter lido a linguaxe das nubes para encontrar nelas personaxes

gro fórmana imaxes medidas polo raseiro do soño. Segundo o vocabulario empregado por Freud, o soño é a realización dun desexo. Aquí o desexo feminino cobra un protagonismo esencial deambulando con lixeireza nun mundo fantástico extraído de ámbitos literarios construídos, tamén, na fantasía da imaxinación. Todo ese desprezamento de liñas, de caprichosos xogos xeométricos, é compatible cunha linguaxe próxima á abstracción ou a postulados constructivistas. Un grupo que, por ser en branco e negro, non é menos rico en variedade e riqueza de sombreados e xogo de raios moi usado en movementos artísticos dos anos 70.

Para Mario Granell, o debuxo convértese noutra maneira digna de soñar. A liña é poesía, igualmente cultivada por este artista universal dotado dunha alma sensible a outras manifestacións artísticas entre as que figuran o mural, o cartelismo, a escenografía ou a cerámica.

CINE

## Algunhas disquisicións arredor do miolo da creación

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

### ADAPTATION (O LADRÓN DE ORQUÍDEAS)

Dirección: Spike Jonze

Intérpretes: Nicolas Cage, Meryl Streep

País: EEUU, 2002

Os creadores (especialmente os escritores), como bos egocéntricos, remoen con frecuencia sobre qué e cómo elaboran as súas obras. Escribir un guión para que logo poida ser trasladado á pantalla é un exercicio creativo, moitas veces adaptativo, non exento dos demos, regras e claves que angustian, paralizan, estimulan ou excitan. *Adaptación (O ladrón de orquídeas)*, unha película con pretensións e certo ton de taller sobre cómo se escribe un guión, trata de compaxinar a indagación nas dificultades da creación coa posta en escena dun exemplo práctico. Anda arredor do miolo por veces, pero para quen non estea demasiado preocupado polas claves deste proceso pode facérselle algo sosa e pedante.

Charlie Kaufman e o seu irmán xemello Donald (papeis que interpreta aceptando serios riscos Nicholas Cage) son dous guionistas con métodos e pretensións distanciadas. Un, Charlie, tímido, mirando sempre dentro de si, atormentado pola súa necesidade creadora, inseguro; o outro, máis despreocupado, práctico e decidido. Pero é segundo os pasos de Charlie, que conta co encargo de adaptala novela *O ladrón de orquídeas*, como imos penetrando nas interioridades do proceso. E a través dos contrapuntos, dos pensamentos interiores, das dúbidas e probas coas que se enfrenta o creador, entramos nas augas pantanosas da escritora que escribiu o libro, do seu proceso de elaboración e máis no tormento de adaptalo ó cine. Un xogo brillante, atrevido, non orixinal, pero sen dúbida intelixente, co que Kaufman demostra dominio e tempero no traballo de propoer guiños. Froito deste enramado analítico vaise tecendo sobre a pantalla a transformación do planificado en acto, destacando sobre todo a relación que se establece entre a escritora e o ladrón de orquídeas, interpretados de xeito exquisito por Meryl Streep e Chris Cooper. Sen embargo, a medida que vai avanzando, a historia embaza e, aínda que Kaufman bota man do mestre dos guionistas Robert McKee para recibir un último consello, é precisamente no final onde se vai desvalorizando e perde fondura. Con todo, filme brillante e atrevido que, para os non moi preocupados polas claves da creación, pode resultar de chumbo polas disquisicións artísticas.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OBERA DEPUTACIÓN OURENSE

escola provincial de danza

XORRABAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca